



O 20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega (Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego) presentan nesta institución unha proposta histórica: que se declarase o día 17 de maio de cada ano "Días das Letras Galegas" como data para "recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega" e tiña que ser "con motivo de se celebrar aquel ano o centenario da publicación dos **Cantares Gallegos** de Rosalía de Castro", a Academia debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual.

Estimaban que o libro rosaliano editado en 1863 "foi a primeira obra mestra coa que contou a literatura galega contemporánea" e que "a súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria", concluíndo que representa "un fito decisivo na historia da renascencia cultural de Galicia".

Propúñase o día 17 de maio, ao ignorarse a data da publicación do libro, por ser nese día cando Rosalía de Castro llo dedicou á tamén poeta Fernán Caballero.

**MANUEL MARIA**

Francisco Fernández del Riego, lembra aquel momento histórico: "Fixen un escrito que asinaron comigo don Manuel Gómez Román e don Xesús Ferro Couselo, e sometémolo á aprobación da Real Academia Galega. A Academia aprobouno por unanimidade, e cursou a pretensión á autoridade competente".

Nese momento foi constituída como festa anual do Día das Letras Galegas o 17 de maio. Escolleuse esta data porque **Cantares Gallegos** foi o primeiro libro galego que tivo unha significación universal.

Texto extraído de: "*Os señores da palabra*"  
Ed. Ophiusa. Lugo. 1993



#### BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE OLEIROS:

- Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado. Mera
- Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso. Dorneda
- Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- Biblioteca Pública Municipal "Xograr Mendiño". Lorbé

**MANUEL MARIA**



Bibliotecas Públicas Municipais  
Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros  
Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Deputación DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Letras Galegas 2016

**Manuel María**

Outeiro de Rei, 1929-2004



Manuel María



Bibliotecas Públicas Municipais  
Premio Nacional María Moliner 2011